O Pacto de Estado contra a violencia de xénero establece entre os seus principais eixos de actuación a necesidade de intensificar a asistencia e protección dos menores e sinala que a “protección específica dos e das menores parte do seu recoñecemento como vítimas directas e leva aparellada a necesidade de ampliar e mellorar as medidas dirixidas a súa asistencia e protección coa implantación de novas prestacións nos casos de orfandade como consecuencia da violencia de xénero”.

Facendo propios os compromisos acadados no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, a Xunta de Galicia artellou indemnizacións económicas dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero.

Durante o pasado ano o Goberno autonómico concedeu indemnizacións a tres mulleres vítimas da violencia de xénero que resultaron gravemente feridas e a dous descendentes que quedaron orfos a causa desta lacra.

As contías ascenderon a 7.000 euros de indemnización e completáronse cunha asistencia integral a todos eles, no marco das medidas que a Comunidade brinda para apoiar a mulleres e aos menores na súa recuperación.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

– A canto ascende a convocatoria para o ano 2021 das axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero?

Santiago de Compostela, 26 de Xullo 2021.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 25/07/2021 20:10:20

María Corina Porro Martínez na data 25/07/2021 20:10:38

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/07/2021 20:10:48

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/07/2021 20:11:01

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 25/07/2021 20:11:18

José Alberto Pazos Couñago na data 25/07/2021 20:11:40

Noelia Pérez López na data 25/07/2021 20:11:49

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/07/2021 20:12:04



Á Mesa do Parlamento,

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñado, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O labor das entidades do terceiro sector establécese como imprescindible, máis aínda no actual contexto de crise sociosanitaria provocada pola covid-19, para velar pola protección dos dereitos das persoas en situación de vulnerabilidade.

Neste sentido, instrumentos coma a Lei 43/2015, do 9 de outubro, do Terceiro Sector de Acción Social ou o 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) para a realización de programas de interese xeral con fins de carácter social, tórnanse fundamentais.

Instrumentos que posibilitan o desenvolvemento de programas e accións por parte entidades sociais referentes na nosa comunidade e en beneficio das persoas que máis o precisan. Coñecedora da necesidade do desenvolvemento destas ferramentas, a Xunta vén de resolver a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) para o ano 2020.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

- 1.- Cales son as entidades sociais beneficiarias das axudas con cargo ao 0,7% do IRPF para promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e loitar contra a violencia de xénero?
- 2.- Que tipo de actuacións se subvencionan con estas axudas?
- 3.- Hai algún programa dirixido a colectivos especialmente vulnerables, como o das mulleres con discapacidade e o das mulleres rurais?



Santiago de Compostela, 26 de xullo 2021.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 25/07/2021 20:18:33

María Corina Porro Martínez na data 25/07/2021 20:18:54

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/07/2021 20:19:08

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/07/2021 20:19:27

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 25/07/2021 20:19:38

José Alberto Pazos Couñago na data 25/07/2021 20:19:47

Noelia Pérez López na data 25/07/2021 20:19:57

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/07/2021 20:20:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñado, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguintes preguntas para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, foi modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispoñendo no seu artigo 39 apartado 1 que “a Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, garantirá a existencia dunha prestación económica de carácter periódico dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

A prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor, ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación e máis a tentar axudalas a romper coa situación de violencia”.

Por outra banda a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, establece, no seu artigo 27, o dereito a unha axuda económica para aquelas mulleres vítimas de violencia de xénero que se sitúen nun determinado nivel de rendas e sobre as que se presume que, pola súa idade, falta de preparación xeral ou especializada e circunstancias sociais, teñen especiais dificultades para obter un emprego.

Neste sentido, a Xunta vén de publicar a convocatoria 2020-2021 das axudas periódicas de entre 200 e 800 euros mensuais coas que o Goberno autonómico apoia ás vítimas da violencia de xénero co obxecto de que gañen independencia económica dos seus agresores e consigan saír da situación de perigo.

Ademais, anunciáronse as axudas de pago único para apoiar ás vítimas con especiais dificultades para a busca de emprego e a liña destinada a garantir que as mulleres que sofren violencia de xénero e/ou os menores ou persoas dependentes delas, perciban as indemnizacións que lles corresponden polos danos ou perdas ocasionadas pola situación de violencia, decretada mediante sentenza xudicial. Todos estes instrumentos perseguen garantir que as mulleres vítimas da violencia de xénero contan cunhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor, e deste xeito poidan rachar o círculo da violencia de xénero.



Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.- A canto ascende a convocatoria para o ano 2021 das axudas económicas individuais de carácter periódico de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero?

2.- A canto acenden as axudas económicas de pago único para axudar as vítimas que pola súa idade ou outras circunstancias, presenten especiais dificultades para obter un emprego que garanta a súa integración social?

3.- Cal é o importe dos créditos previstos para as indemnizacións por danos ou perdas ocasionadas pola situación de violencia decretada mediante sentenza xudicial?

Santiago de Compostela, 26 de xullo 2021.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 25/07/2021 20:29:47

María Corina Porro Martínez na data 25/07/2021 20:30:03

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/07/2021 20:30:14

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/07/2021 20:30:32

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 25/07/2021 20:30:50

José Alberto Pazos Couñago na data 25/07/2021 20:30:58

Noelia Pérez López na data 25/07/2021 20:31:09

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/07/2021 20:31:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento,

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego**

A Organización das Nacións Unidas (ONU) fixou para o período 2015-2030 os coñecidos como Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS), que teñen como meta superar os principais retos que se presentan a nosa sociedade. Entre eles, destaca o obxectivo número 5 que consiste en acadar a igualdade de xénero e empoderar a todas as mulleres e nenas, que representan a metade da poboación mundial e, polo tanto, tamén a metade do noso potencial.

Sen embargo, a desigualdade de xénero persiste hoxe en todo o mundo e limita o progreso social, xerando dinámicas de discriminación e exclusión. En consecuencia, a violencia de xénero constitúe o reflexo máis cruel desta desigualdade e un dos ataques máis flagrantes contra a dignidade persoal e o benestar social, que esixe unha actuación contundente por parte das administracións públicas a todos os niveis. Neste sentido, a atención psicolóxica resulta fundamental para a prevención, recuperación e adquisición de habilidades que permitan lograr a autonomía e a reincorporación á vida en sociedade das vítimas, rachando así coas situacións de violencia.

Nesta liña, o Consello da Xunta vén de renovar o convenio entre a Consellería de Emprego e Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención a mulleres e menores vítimas de violencia de xénero, así como aos seus familiares.

Para conseguilo, ponse a disposición das persoas que viven, ou viviron, situacións de violencia de xénero, unha rede de profesionais da psicoloxía especializada nesta atención. Así mesmo, este convenio contempla actuacións para a atención psicolóxica a homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar. En concreto, a través do programa Abramsos o círculo, os participantes reciben recursos para resolver os conflitos sen recorrer á violencia.

Trátase dunha colaboración que, desde o 2009, ofrece unha resposta global á violencia de xénero proporcionando, por unha banda, recursos para ás mulleres vítimas es as súas familias e, por outra, a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, que queiran mellorar a súa conducta polo ben da súa familia



Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais:

1.- Cal é o balance da colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica das vítimas de violencia de xénero desde 2009? E para a atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar?

2.- Cal é a estimación de persoas que se benefician anualmente por programas de actuación? E a canto ascende a dotación económica deste convenio?

Santiago de Compostela, 26 de xullo 2021.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 25/07/2021 20:45:10

María Corina Porro Martínez na data 25/07/2021 20:45:26

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/07/2021 20:45:38

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/07/2021 20:45:54

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 25/07/2021 20:46:06

José Alberto Pazos Couñago na data 25/07/2021 20:46:15

Noelia Pérez López na data 25/07/2021 20:46:24

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/07/2021 20:46:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento,

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñado, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

A Constitución española, recoñece, no seu artigo 14, a igualdade ante a lei sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de sexo e o artigo 9.2 recolle o mandato expreso aos poderes públicos para que promovan as condicións para que a igualdade do individuo e das agrupacións en que se integra sexan reais e efectivas.

Este mandato constitucional, ten a súa translación, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia, que establece esa mesma obriga aos poderes públicos de Galicia.

Polo tanto a garantía da igualdade eríxese como o máis firme compromiso de Goberno galego, tal e como proban as múltiples actuacións levadas a cabo nos últimos anos a fin de garantir que mulleres e homes gocen das mesmas oportunidades e de contribuír a erradicar da violencia de xénero.

Neste sentido, caben destacar, entre outras medidas, as axudas destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, concellos, consorcios, mancomunidades, agrupacións ou asociacións de concellos, para o desenvolvemento de programas, actuacións e medidas para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar e a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural; así como para consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres no territorio, co fin de lles prestar unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral a todas as mulleres, en particular a aquelas que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou se atopan nalgunha situación de especial vulnerabilidade.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:



1.- A canto ascende o total da convocatoria para o ano 2021 das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade e a prevención e tratamento da violencia de xénero?

2.- Cal é orzamento de cada unha das liñas das anteditas subvencións: impulso da conciliación, promoción da igualdade, apoio aos CIM e fomento da sensibilización?

3.- Cal é o balance da inversión da Xunta de Galicia nos programas cos que apoia o labor das entidades locais de Galicia para a promoción da igualdade e a loita contra a violencia de xénero nos últimos anos? E cantas as mulleres beneficiarias alcanzou?

Santiago de Compostela, 26 de xullo 2021.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 25/07/2021 21:54:42

María Corina Porro Martínez na data 25/07/2021 21:55:02

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/07/2021 21:55:17

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/07/2021 21:55:35

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 25/07/2021 21:55:49

José Alberto Pazos Couñago na data 25/07/2021 21:55:58

Noelia Pérez López na data 25/07/2021 21:56:10

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/07/2021 21:56:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguintes preguntas para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Pacto de Estado contra a violencia de xénero naceu froito dunha clara demanda social e grazas ao consenso político e co obxectivo de impulsar políticas para a erradicación da violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado.

A Xunta de Galicia, facendo propio este compromiso e súa esta loita, pon en marcha instrumentos como as axudas destinadas a financiar actividades de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero para as asociacións de nais e pais do alumnado dos centros educativos de Galicia.

Esta iniciativa persegue contribuír á formación, sensibilización e información das familias e asociacións de nais e pais na perspectiva de xénero, concienciando ás fillas e fillos, ao alumnado e a comunidade educativa sobre os estereotipos de xénero existentes e visibilizando, deste xeito, as mulleres e as nenas e promovendo unhas relacións respectuosas e en igualdade que preveñan a violencia de xénero.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. A canto ascende a convocatoria para o ano 2021 das axudas destinadas a financiar actividades de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero a iniciativa de Asociacións de Nais e Pais galegas? A cantas ANPAS prevé chegar?
2. Cales son as actuacións concretas que se van financiar? 3. Cal é o balance destas axudas durante o exercicio anterior?

Santiago de Compostela, 26 xullo 2021.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 25/07/2021 21:51:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



María Corina Porro Martínez na data 25/07/2021 21:51:28

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/07/2021 21:52:11

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/07/2021 21:52:25

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 25/07/2021 21:52:46

José Alberto Pazos Couñago na data 25/07/2021 21:52:58

Noelia Pérez López na data 25/07/2021 21:53:32

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/07/2021 21:53:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento,

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego.

Na actualidade, moitas mulleres seguen atopándose con obstáculos que impiden a súa plena inclusión social, máis aínda se son vítimas de violencia de xénero, de explotación sexual-laboral, inmigrantes, emigrantes retornadas ou refuxiadas, pertencen a unha minoría étnica, son reclusas e ex-reclusas ou teñen discapacidade, enfrontándose nestes supostos e en moitas ocasións, a unha dobre discriminación.

Por ese motivo, a promoción da igualdade entre mulleres e homes debe ser un obxectivo básico e prioritario para aqueles poderes públicos que aspiren a un verdadeiro avance social, como o é para a Xunta de Galicia, que destaca pola inclusión do principio de igualdade, como eixo transversal, nas políticas autonómicas.

Así, en Galicia dispoñemos de instrumentos legislativos como o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; plans como o VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 e de recursos públicos orientados á promoción da igualdade.

Neste último punto destacan, entre outras, as axudas destinadas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a posta en marcha de programas específicos de recursos integrais de atención especializada destinados en exclusiva a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

Estas axudas cumpren o obxectivo de dar resposta ás necesidades das mulleres en situación de especial vulnerabilidade, impulsar a súa participación e tomar en consideración as súas necesidades específicas, en colaboración co terceiro sector de acción social, peza clave do progreso social.

En conclusión, estas medidas permiten avanzar na construción dunha sociedade máis próspera, plural e cohesiva, na cal a igualdade entre mulleres e homes sexa, cada vez máis, unha realidade efectiva en todos os espazos da vida pública e privada de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



1. A canto ascende o investimento para 2021 da Xunta para as axudas destinadas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a posta en marcha de programas específicos de recursos integrais de atención especializada destinados, en exclusiva, a mulleres en situación de especial vulnerabilidade?
2. Que iniciativas prevén financiar estes fondos?
3. Cantas entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro percibiron esta axuda na anterior convocatoria e cal é o seu balance desde 2009?

Santiago de Compostela, 26 de xullo 2021.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 25/07/2021 21:20:01

María Corina Porro Martínez na data 25/07/2021 21:20:12

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/07/2021 21:49:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/07/2021 21:49:26

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 25/07/2021 21:49:43

José Alberto Pazos Couñago na data 25/07/2021 21:49:53

Noelia Pérez López na data 25/07/2021 21:50:04

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/07/2021 21:50:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñado, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral **na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O principio de transversalidade de xénero constitúe unha premisa básica na planificación e execución das políticas públicas que se están a levar a cabo polo Goberno galego, e polo tanto tamén é un dos principios reitores do VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020, que ten entre os seus fins impulsar e fortalecer a consideración da igualdade de xénero como un elemento transversal en todas as políticas e accións da administración pública galega, e que se define como un documento marco a partir do cal se trazan as actuacións concretas a realizar para conseguir unha igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Pero ademais, incardínase nos grandes desafíos aos que a comunidade autónoma de Galicia fixo fronte nos últimos anos, incluso cando nos tivemos que enfrontar a unha pandemia inimaxinable como a COVID-19, a fin de consolidar un modelo de desenvolvemento socioeconómico intelixente e sustentable, desafíos que o Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015-2020 recolle como obxectivos de carácter transversal: o impulso da cultura da innovación; o fomento do emprendemento, a industrialización e a internacionalización; a dinamización demográfica e a cohesión territorial e fixación da poboación no medio rural.

O VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 se configurou en tres grandes capítulos: Un primeiro capítulo, que baixo o título de Integración do principio de igualdade nas políticas e accións do Goberno, reúne un total de 12 prioridades de actuación que representan o compromiso da Administración autonómica por consolidar e fortalecer as accións xa emprendidas para mellorar a gobernanza en prol da igualdade de xénero.

Un segundo capítulo, integrado por un total de cinco áreas estratéxicas para a igualdade que foron definidas e deseñadas como ámbitos de actuación estratéxica para seguir traballando en favor da eliminación das desigualdades entre mulleres e homes no horizonte 2020



Estas áreas son:

- Área estratéxica 1: Igualdade na educación e nos valores.
- Área estratéxica 2: Igualdade na xestión dos traballos e dos tempos.
- Área estratéxica 3: Igualdade no emprego e innovación.
- Área estratéxica 4: Igualdade na participación e no liderado.
- Área estratéxica 5: Igualdade na calidade de vida.

E un terceiro capítulo, que aborda os obxectivos e medidas deseñados para a prevención e tratamento da violencia de xénero, articulados en dúas áreas estratéxicas: Sensibilización e prevención e Intervención e integración. A relevancia que a loita contra a violencia de xénero ten para o Goberno galego fai que este Plan aborde nun capítulo independente a planificación para a intervención en materia de violencia contras mulleres durante os vindeiros anos.

O Plan é o resultado do traballo colaborativo dos distintos órganos directivos e entes públicos instrumentais da Xunta de Galicia, que materializando o principio da transversalidade de xénero e baixo outro dos principios orientadores do Plan, a cooperación e coordinación institucional, contribuíron coas súas achegas á elaboración deste instrumento para o seu desenvolvemento ao longo dos últimos catro anos.

Por todo isto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- Que valoración fai a Consellería de Emprego e Igualdade sobre o desenvolvemento do VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020?
- Cal é a previsión para a elaboración do VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes?
- Que novos retos deberá abordar para dar resposta ás necesidades que se debullan nos vindeiros catro anos?

Santiago de Compostela, 26 de xullo 2021.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 25/07/2021 21:17:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



María Corina Porro Martínez na data 25/07/2021 21:17:59

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/07/2021 21:18:16

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/07/2021 21:18:28

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 25/07/2021 21:18:42

José Alberto Pazos Couñago na data 25/07/2021 21:18:54

Noelia Pérez López na data 25/07/2021 21:19:08

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/07/2021 21:19:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 3 de xuño pasado, a Fiscalía de Medio Ambiente da Coruña vén de presentar denuncia no Xulgado de Instrución de Ribeira contra a empresa conserveira Jealsa, ubicada no lugar de Bodión, no concello de Boiro, por verteduras á ría de Arousa.

En realidade, esta denuncia vén de poñer negro sobre branco os “reiterados vertidos” que se veñen dando na zona dende hai décadas, sen que a administración autonómica tomara cartas nun asunto que é da súa competencia e que, ademais de vir prexudicando aos veciños e veciñas da zona, vén causando danos importantes ao medio ambiente e á actividade pesqueira e marisqueira da ría de Arousa, que vén sendo menosprezada sistematicamente a pesar das múltiples queixas e denuncias do sector ao longo dos anos.

E é a propia Fiscalía de Medio Ambiente quen asegura nesa denuncia que non consta un “seguimento axeitado” nin “o exercicio de maneira adecuada da potestade sancionadora da Administración.”

Á vista da denuncia, resulta totalmente sorprendente, e inxustificábel, que a Consellaría do Mar, coñecedora dos feitos, moitas veces repetidos, e das súas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consecuencias, non teña actuado de oficio coa determinación que requirirían estes casos onde, nalgún momento os vertidos acadaron “quilómetros” e “con resultado de marisco morto”. Igualmente, tamén é rechamante que os expedientes incoados á conserveira por Augas de Galicia fosen todos arquivados, agás un con imposición de sanción por infracción leve.

As actuacións da Xunta de Galiza en materia de vertidos ás rías, e nomeadamente en materia de vertidos industriais, non son precisamente coñecidas pola súa dilixencia e, moito menos, pola súa contundencia. Xa no ano 2018, o conselleiro de Medio Ambiente naquela altura recoñecía publicamente que a situación da ría de Arousa era peor que había catro anos (no 2014) e que “por iso é urxente intensificar o control e actuar decididamente ante calquera denuncia”.

Non só non foi así, senón que agora, tres anos despois, as cousas seguen empeorando, tal e como veñen de amosar os propios datos que Augas de Galiza vén de facer públicos recentemente e que conclúen que no ano 2020 acadouse nas rías galegas a maior cifra de vertidos dos últimos anos: 1.596, a metade deles contaminantes. E nesta escandalosa estatística, sobresaen os vertidos á ría de Arousa, encabezándoa con 444, un 37% do total.

Despois de anos de promesas, anuncios de obras e melloras, resulta xa moi pouco críbel para as miles de persoas que viven do mar na ría de Arousa a actuación da Xunta de Galiza en materia de vertidos contaminantes. En moitos casos, as numerosas denuncias tanto de particulares como de asociacións e organizacións non son sequera obxecto de investigación, noutros, a falla de dilixencia para evitar danos aos recursos naturais, ao medio ambiente e á saúde pública é máis que evidente e, noutros moitos, a cidadanía ten que asistir durante anos ao apodrecemento dos problemas e á deixación de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

funcións por parte da administración competente ata que a vía xudicial, coma neste caso, se acaba impondo.

Tampouco as moitas iniciativas parlamentares dos últimos anos ao respecto correron mellor sorte. Nomeadamente, a presentada por este Grupo no mes de novembro pasado, relativa ás verteduras ao mar e cheiros insoportábeis que veñen padecendo os veciños e veciñas do lugar de Couso-Aguiño, no concello de Ribeira, e que continúan a día de hoxe nunha área costeira de gran valor medioambiental e protexida.

Naquela ocasión, o Grupo Parlamentario Popular recoñeceu que a empresa CONRESA, fábrica de fariña de peixe curiosamente moi vinculada a Jealsa, era a causante dos cheiros que levan soportando na zona tamén máis de 20 anos e anunciou un investimento dun millón de euros por parte da empresa para poñer solución ao problema. Un investimento que xa fora anunciado a mediados dese 2020 e que hoxe, un ano despois, non nos consta que se teña realizado.

A ría de Arousa acolle unha inmensa riqueza marítima que sostén miles de postos de traballo, mais a permisividade coa que actúa a Xunta de Galiza, a súa falla de vixilancia e control e a opacidade e falla de transparencia que envolve calquera episodio de contaminación, sobre todo industrial, e outras malas prácticas están non só a poñer en risco unha actividade esencial e a propia riqueza natural dunha das rías máis produtivas do mundo senón tamén a crear unha sensación de impunidade totalmente inadmisíbel nos tempos e na sociedade actual.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que valoración fai a Xunta dos datos de vertidos ás rías galegas, nomeadamente á ría de Arousa, dados a coñecer recentemente por Augas de Galicia?

. Que medidas está a tomar para reducir eses vertidos que, segundo os datos, non deixan de medrar?

. Que valoración fai da súa propia actuación diante das numerosas denuncias que se producen cada ano relativas a vertidos ás rías?

. Que consideración lle merece a denuncia que vén de efectuar recentemente a Fiscalía de Medio Ambiente da Coruña relativa aos reiterados vertidos á ría de Arousa da empresa conserveira Jealsa? E a afirmación de falla “de seguimento adecuado del cumplimiento de la AAI ni el ejercicio de manera adecuada de la potestad sancionadora de la Administración”? Vai personarse na causa como parte interesada?

. Considera que neste caso a súa propia actuación, nomeadamente a da Consellaría do Mar e a de Augas de Galicia, foi dilixente, rigorosa e transparente? De ser así, por que a empresa seguiu realizando vertidos reiteradamente?

. Dada a reiteración dos vertidos da empresa e os danos causados á actividade pesqueira e marisqueira da zona, considera axustado o arquivo de todos expedientes incoados e a imposición de sanción leve nun só caso?

. Como valora o feito de que a empresa Conresa siga, despois dun ano de anunciar actuacións para evitalos, provocando cheiros insufríbeis á veciñanza do lugar de Couso-Aguiño, no concello de Ribeira? Vai instar á empresa a levar a cabo inmediatamente as actuacións necesarias para impedilos?

. Está neste caso a Xunta de Galiza a realizar un seguimento da autorización de vertidos? De ser así, cales son os resultados?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 26/07/2021 09:29:27

Xosé Luis Bará Torres na data 26/07/2021 09:29:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ente público Portos de Galiza ten encomendadas por lei as competencias de planificación, construción, explotación, conservación e mellora das 122 instalacións portuarias de titularidade autonómica, para o que conta cun cadro de persoal de 109 traballadores e traballadoras a 31.12.19, segundo a súa propia Memoria de 2019.

Dese total, 48 pertencen aos servizos centrais en Santiago de Compostela e 61 aos servizos periféricos. Unha estrutura que ao longo dos anos foi medrando exponencialmente nos primeiros e diminuíndo nos segundos, sen que as advertencias do Consello de Contas, xa no ano 2004, surtiran efecto algún na política de persoal do ente público.

Daquela, o informe do Consello de Contas xa recollía que “destaca a concentración de competencias, efectivos e dotacións nos servizos centrais en detrimento dos servizos periféricos (xefaturas de zona) con escasos medios persoais e sen unha delimitación clara das súas funcións. Esa centralización tradúcese en especiais carencias para as instalacións portuarias, que, sendo os escenarios nos que se desenvolve a actividade tanto investidora coma comercial, son as máis desprovistas de medios para o seguimento e control da mesma. Nesa estrutura centralizada existe





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ademais unha certa inflación de cargos ou postos directivos que non se xustifica con relación ao conxunto do persoal existente e que fai máis visíbel as necesidades reais de efectivos en persoal de base para as instalacións portuarias.”

A situación descrita xa hai tantos anos polo Consello de Contas continúa, é perfectamente coñecida por Portos e é a principal responsábel das circunstancias actuais nas que están moitas das instalacións portuarias e, dende logo, das condicións nas que traballa o insuficiente persoal que desenvolve as súas funcións nelas.

Esas condicións abranguen dende o escaso número de traballadores e traballadoras ata unha precariedade laboral que en Portos é de case un 40%. Arredor de 43 persoas teñen contratos temporais nas distintas categorías laborais, persoas que cun contrato de interinidade ocupan prazas estruturais na maioría dos casos en fraude de lei por abuso da temporalidade, incumpríndose sistematicamente a normativa establecida no Estatuto Básico do Empregado Público, no Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro e 2015, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei da Función Pública e na Directiva Comunitaria 1999/70/CE, do 28 de xuño de 1999, relativa ao traballo de duración determinada.

Son traballadores e traballadoras que levan 20, 18, 15, 13 anos cun contrato temporal de interinidade e cunhas idades superiores aos 45 anos en moitos casos, persoas que no suposto de perderen o seu posto de traballo dificilmente poderían reincorporarse ao mercado laboral e que, no seu momento, accederon ao posto mediante convocatoria pública e superando procesos selectivos onde se valorou o mérito e a capacidade.

A Xunta de Galiza ten a obriga legal de convocar as prazas transcorridos tres anos dende a contratación, obriga que nin a administración en xeral nin Portos de Galiza





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nomeadamente está a cumprir e que xa foi recollido tamén nos informes do Consello de Contas.

O proceso de estabilización que regularice a situación actual deste persoal que é vítima dese abuso de temporalidade debería ser unha prioridade para Portos de Galiza. Do mesmo xeito que debера selo a mellora do conxunto da súa política laboral a través da que se lle veñen negando dereitos ao persoal en canto a flexibilidade, solicitudes de modificación de horarios, impago de indemnización de custos por desprazamentos, realizacións de funcións de superior categoría, recoñecementos da antigüidade ... e que están a supoñer cada vez maior conflictividade laboral e que máis traballadores e traballadoras acudan aos tribunais de xustiza a reclamar os dereitos que a propia administración lles veta.

E, mentres se escatima co persoal propio e cos seus dereitos, chama a atención a facilidade coa que aumentan progresivamente as privatizacións de servizos: Emprego abusivo de asistencias técnicas que se acaban transformando en servizos permanentes, privatización das lonxas asumindo Portos multitude de gastos como a limpeza, as reparacións ou o mantemento, privatización da xestión de multas, privatización da vixiancia e da seguridade portuaria que suplanta as funcións dos celadores gardapeiraos como axentes da autoridade, etc., etc.

Neste momento, despois de máis dun ano no que Portos de Galiza anunciou a elaboración dunha RPT, por certo a través dunha asistencia técnica contratada, descoñécese a súa evolución mais a realidade é que non houbo negociacións sobre a mesma cos traballadores e traballadoras aos que só se lles entregou ata o de agora un simple organigrama.

No mes de xaneiro deste ano, o Partido Popular afirmou na Comisión de Pesca que Portos “está ultimando a relación de postos de traballo cos representantes dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traballadores, co obxectivo de que estea en vigor nas próximas semanas”. A día de hoxe, os representantes dos traballadores e traballadoras non teñen coñecemento da RPT nin, moito menos, foi negociada con eles.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

1.- Que avaliación fai a Xunta de Galiza da súa propia política de persoal ao longo dos últimos 12 anos e do cumprimento da normativa vixente ao respecto?

2.- Considera o goberno galego que a política de persoal que se está a levar a cabo en Portos de Galiza cubre as necesidades ás que ten que dar resposta o ente público?

3.- Como valora a existencia de 61 traballadores e traballadoras nos servizos periféricos do ente? Considera que son suficientes para cubrir as necesidades dos usuarios dos 122 portos galegos?

4.- Que valoración lle merece a situación de 43 persoas, dun total de 109, en situación de contratacións temporais e interinidades? Considera que se está a cumprir a lexislación laboral vixente e non existe abuso da temporalidade?

5.- É coñecedor o goberno galego das distintas sentenzas xudiciais que recoñecen dereitos dos traballadores e traballadoras de Portos de Galicia que lle son negados sistematicamente pola administración? Que valoración fai de que cada vez un número maior deses traballadores e traballadoras teñan que recorrer á Xustiza para facer valer os seus dereitos laborais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6.- Considera a Xunta de Galiza que é legal e lóxico manter aos traballadores e traballadoras de Portos de Galiza en situación de temporalidade e precariedade laboral durante anos mentres se están a atender progresivamente cada vez máis servizos por medio de contratación externas por parte da administración?

7.- Que previsións ten o goberno galego respecto da finalización da elaboración da RPT do ente público Portos de Galiza, cuxo comezo anunciouse hai máis dun ano? Está disposto a negociala cos representantes dos traballadores e traballadoras? En que momento do proceso os vai a convocar?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Daniel Castro García

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 26/07/2021 09:39:54

María do Carme González Iglesias na data 26/07/2021 09:39:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/07/2021 09:40:21

Daniel Castro García na data 26/07/2021 09:40:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o pasado 1 de xaneiro, o Reino Unido recuperou a soberanía das súas augas. O acordo acadado entre a Unión Europea e o Reino Unido, *in extremis*, o 24 de decembro de 2020, entregou o 25% das cotas de pesca europea ao Reino Unido a cambio do acceso ás súas augas durante 5 anos e medio.

Despois das celebracións iniciais das autoridades españolas e europeas, as valoracións máis comedidas viñeron a medida que se foron coñecendo os detalles do acordo e a afectación do mesmo no sector pesqueiro galego que xa cualificou de moi negativas as súas consecuencias, agora e no futuro.

Os resultados das negociacións entre a Unión Europea e o Reino Unido non só quedaron en evidencia coa mesma sinatura do acordo senón tamén neste mes de marzo co fiasco que supuxo a falla de acordo definitivo sobre as cotas para o 2021, véndose obrigados de novo a prorrogalas de xeito provisional ata o mes de xullo.

A frota do Estado español que pesca en augas británicas é fundamentalmente a frota galega: Máis de 70 barcos dos 88 do Estado nos caladoiros do Reino Unido





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(arredor de 1.500 tripulantes) e 20 nas Malvinas (arredor de 400 tripulantes), aos que hai que sumar 36 de bandeira británica pero de capital galego.

As perdas estimadas dos barcos galegos que pescan nos caladoiros británicos superan os 9 millóns de euros, segundo o propio sector, só neste ano, cantidade que podería aumentar se o TAC agora provisional sofre reducións. E un informe realizado pola Universidade de Santiago de Compostela calculou que o brexit tería un impacto económico sobre a pesca galega duns 535 millóns de euros. Ademais, a metade dos sectores dos que se alimenta a economía galega acusarían as consecuencias.

Previendo, precisamente, as consecuencias do brexit, o Consello da UE acordou adoptar un paquete de axudas xa en xullo de 2020 e a proposta da Comisión foi presentada após da sinatura do acordo de saída: 5.000 millóns de euros para apoiar ás empresas e ao emprego nos sectores afectados constitúen a Reserva de Axuste Brexit (BAR).

A propia Comisión resaltou naquela presentación que con esa Reserva amosábase de novo a súa solidariedade e a cohesión como elementos clave que garantirían que aqueles máis afectados recibisen o apoio necesario.

Pouco despois soubemos que esa solidariedade e cohesión significaban que do total de 5.000 m. e. para a Reserva de Axuste, 600 estarían destinados a paliar as perdas de todo o sector pesqueiro europeo e 2,2 corresponderíanlle ao sector do Estado español. É dicir, un 0,35% do total dos fondos pesqueiros cando os datos que se teñen feito públicos sinalan que as capturas dos buques do Estado español en augas británicas representan arredor dun 1% do conxunto das da frota europea.

Os criterios de reparto empregados son o valor do peixe capturado no Reino Unido por cada Estado membro ponderado pola súa dependencia das augas británicas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
